



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Servizo Provincial de Pontevedra



Avda. Fernández Ladreda, 43-1º
36003 Pontevedra
Fax: 886 20 65 05
Telef. 886 20 65 04/06 (Licenzas)
Telef. 886 20 65 01/02 (Sancións/danos)
Telef. 886 20 65 07/08 (Expropiacións)
Telef. 886 20 65 00 (Centralita)


REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE PONTEVEDRA
PONTEVEDRA

Data 13/11/2015 08:14:55

SAÍDA 127918 / RX 1522904



CONCELLO DE BUEU
RÚA EDUARDO VINCENTI, 8
36930 BUEU
PONTEVEDRA



EXPEDIENTE Nº: **MT205X 2015/000008-4**

SOLICITANTE: **CONCELLO DE BUEU**

DOMICILIO PARA NOTIFICACIÓNS: **RÚA EDUARDO VINCENTI, 8, BUEU, PONTEVEDRA**

OBRAS OU ACTUACIÓN PARA AS QUE SE SOLICITA AUTORIZACIÓN:
INSTALACIÓN DE 29 SINAIS DE LOCALIZACIÓN E DE DIRECCIÓN
SITUACIÓN RESPECTO Á ESTRADA:

Municipio: **BUEU**

Estrada: **PO-551 - MARÍN(PABELLÓN E.NAVAL) - RANDE (N-554)**

Puntos Quilométricos: **Entre 9,130 e 14,410**

Marxe, en sentido de avance de quilometraxe: **Ambas as dúas**

Estrada: **PO-315 - BUEU (PO-551) - CANGAS (PO-551)**

Puntos Quilométricos: **Entre 1,100 e 5,820**

Marxe, en sentido de avance de quilometraxe: **Ambas as dúas**

ANTECEDENTES

1. O día 12 de marzo de 2015 recibíuse neste servizo o escrito de don Félix Juncal Novas, alcalde do Concello de Bueu, no que solicitaba a autorización para a instalación de sinais en estradas de titularidade autonómica.
2. O día 5 de novembro de 2015 o enxeñeiro facultativo deste servizo emitiu un informe sobre a solicitude presentada.

NORMATIVA APLICABLE

1. Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia (DOG 12/07/2013), modificada pola Lei 6/2015, do 7 de agosto (DOG 13/08/2015).
2. Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE 27/11/1992).

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. De acordo co artigo 47.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, modificada pola Lei 6/2015, do 7 de agosto, a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público da estrada ou nas súas zonas de protección está suxeita ao deber de obter a correspondente autorización previa.



EXPEDIENTE Nº: **MT205X 2015/000008-4**

2. O obxecto da solicitude presentada cumpre co sinalado na Lei 8/2013, do 28 de xuño, modificada pola Lei 6/2015, do 7 de agosto, segundo o informe técnico do enxeñeiro facultativo de data 5 de novembro de 2015.

De acordo co indicado, este servizo **RESOLVE** outorgar esta autorización ao CONCELLO DE BUEU, no que á estrada se refire, segundo as seguintes condicións:

CONDICIÓN XERAIS:

1. A autorización outórgase a reserva das demais licenzas e autorizacións necesarias, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo os dereitos preexistentes sobre os terreos ou bens. Non suporá en ningún caso a cesión do dominio público, nin a asunción pola administración titular de ningunha responsabilidade respecto da persoa titular da autorización ou de terceiros.

A administración titular da estrada poderá, en calquera momento, modificar ou suspender temporal ou definitivamente a autorización cando a actuación produza danos no dominio público viario, por incumprimento das condicións da autorización, por poñer en risco a seguridade viaria, cando se alteren os supostos determinantes do seu outorgamento ou cando resulte incompatible con normas aprobadas con posterioridade.

2. Esta autorización entenderase outorgada en precario na parte que afecte á zona de dominio público. As autorizacións outorgadas para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público poderán ser revogadas unilateralmente polo órgano que as outorgou en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando sexa necesario por motivo de calquera obra que vaia realizar na estrada a administración titular desta, e quedará obrigada a persoa solicitante a retirar pola súa conta os elementos instalados.

As autorizacións outorgadas para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público exclúen o aboamento á persoa interesada de calquera indemnización por razón dos danos e perdas ocasionados pola explotación e polo uso da estrada, incluídos os causados polo tráfico ou por calquera obra realizada na estrada pola administración titular desta, incluídas as de conservación. Nese caso, a reposición das obras e elementos amparados pola autorización será por conta da persoa interesada.



EXPEDIENTE Nº: **MT205X 2015/000008-4**

3. Se a obra, instalación ou actividade autorizada implicase a utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público das estradas de titularidade autonómica, xerará o dereito ao cobro da taxa regulada na sección V do título II da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 11/12/2003), modificada pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG 30/12/2011), modificada á súa vez pola Lei 2/2013 do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013.
4. Se para a execución da obra ou uso desta fose necesario construír un acceso á estrada, deberá solicitarse previamente a preceptiva autorización deste servizo.
5. As obras executaranse conforme ao proxecto presentado para a obtención da autorización, no seu caso, e de acordo coas condicións desta.
6. Non se poderán iniciar as obras sen que o persoal deste servizo recoñeza a súa conformidade tras a realización do marcado das devanditas obras. Para isto, o interesado deberá comunicar, cunha antelación mínima de dez (10) días, a data que prevexa para esa operación. Estenderase unha acta de conformidade ou, no seu caso, deixarase constancia dos reparos oportunos, coa concesión do prazo necesario para a súa corrección. A acta de conformidade do marcado implicará o permiso definitivo de iniciación das obras.
7. As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal integrado neste servizo. As obras executaranse cumprindo todas as condicións de garantía e seguridade establecidas polas disposicións vixentes e, ademais destas, o petionario aceptará as especiais que se poidan impoñer para a seguridade da estrada e do tráfico.
8. A administración competente poderá dispoñer, sen máis trámites, en resolución motivada, a inmediata paralización das obras e a suspensión dos usos non autorizados ou que non se axusten ás condicións establecidas nas correspondentes autorizacións outorgadas por ela.
9. As obras efectuaranse sen interromper nin dificultar o tránsito polas estradas e sen ocupar ningún dos seus elementos (calzada, beiravías, cunetas...) con materiais, medios auxiliares, maquinaria ou vehículos, salvo nas circunstancias e coas prescricións que expresamente se indiquen nas condicións particulares.
10. Durante a execución das obras adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calquera outros materiais á plataforma ou cunetas da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras ou por calquera outra causa.



EXPEDIENTE Nº: **MT205X 2015/000008-4**

11. Á parte da que poida ser autorizada nas condicións particulares, durante a execución das obras non poderá establecerse ningunha outra sinalización que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita deste servizo.
12. O persoal deste servizo recoñecerá a terminación das obras. Para estes efectos, o interesado comunicará, cunha antelación mínima de dez (10) días, a data que prevexa para a devandita operación. Estenderase unha acta de conformidade ou, no seu caso, faranse constar as obxeccións oportunas, concedéndose o prazo proporcionado para a súa corrección. A acta de conformidade implicará o permiso de uso das obras, actividades ou instalacións.
13. O titular da autorización será responsable de todos os danos e prexuízos ocasionados á estrada, á súa zona de influencia, a terceiros ou na súa propia actividade con motivo da realización da obra, actuación ou instalación autorizada, quedando obrigado a repoñer, ao seu cargo, os elementos da estrada que resulten afectados pola execución das obras, restituíndoos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.
14. A autorización producirá efectos mentres permaneza o obxecto determinante do seu outorgamento e será transmisíble previa notificación do cambio de titularidade a este servizo.

No caso das autorizacións para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público, o prazo máximo da autorización será de dez anos, e poderán concederse, logo da solicitude de persoa interesada, ata dúas prórrogas por períodos de igual duración. Antes de que transcorra o prazo da autorización, incluídas as prórrogas, se é o caso, a persoa titular poderá solicitar unha nova autorización.

Para estes efectos, considérase que as autorizacións de acceso se refiren á incorporación de vehículos á estrada desde fóra do dominio público viario, independentemente dos elementos que se sitúen nel, polo que non estarán sometidas ás limitacións establecidas no parágrafo anterior.
15. O titular da autorización será responsable das operacións de conservación e mantemento requiridas pola obra, actuación ou instalación obxecto de autorización e que sexan necesarias para garantir a salubridade, accesibilidade, seguridade e funcionalidade menoscabadas como consecuencia do uso destas.
16. O incumprimento de calquera das condicións impostas nesta autorización poderá ser considerado como infracción leve, grave ou moi grave segundo o artigo 61 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e dará lugar á tramitación do expediente sancionador que proceda.



EXPEDIENTE Nº: **MT205X 2015/000008-4**

CONDICIÓN PARTICULARES:

1. Autorízase a instalación de 29 sinais rectangulares de localización e dirección na estrada PO-551 entre os puntos quilométricos 9+130 e 14+410, e na estrada PO-315 entre os puntos quilométricos 1+100 e 5+820, de acordo coa definición e características contidas no "Proxecto de sinalética do Concello de Bueu (v. 2015)", elaborado en agosto de 2015 pola empresa consultora Lagares Oca, S.L., e presentado con número de entrada 134707/RX2169421 no rexistro do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Pontevedra, tras requirimento enviado o día 12 de xuño de 2015.

Deberán retirarse todos os sinais existentes pertencentes a outras familias de sinalética municipais, cando sexan contraditorios ou coincidentes cos novos sinais, ou cando se atopen en mal estado.

En seccións en desmonte, situaranse os sinais por fóra do foxo; e en seccións en recheo, situaranse por fóra da beiravía. En todo caso, a parte interior dos sinais gardará unha distancia mínima respecto á calzada de 1,0 metros.

Non se afectará á visibilidade doutros sinais existentes.

Sinalizarase a obra de acordo coa instrución 8.3-IC "Sinalización de Obras", do Ministerio de Fomento.

Adoptaranse todas as medidas de seguridade pertinentes para protexer a todos os usuarios da estrada (peóns, vehículos, etc.)

2. Os sinais ou carteis informativos a colocar deberán instalarse no prazo máximo de seis (6) meses, a contar desde o día seguinte ao da notificación deste informe. A vixencia desta autorización é de tres (3) anos, debendo ser renovada ao finalizar ese prazo a petición do titular da autorización.
3. O peticionario queda obrigado a manter en perfectas condicións de conservación, estéticas e de estabilidade os elementos dos que se autoriza a instalación.
4. Prohíbese o depósito de materiais en terreos de dominio público da estrada, a alteración das servidumes que a afecten e calquera outra operación ou obstáculo que dificulte o tráfico pola estrada.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Servizo Provincial de Pontevedra



Avda. Fernández Ladreda, 43-1º
36003 Pontevedra
Fax: 886 20 65 05
Telef. 886 20 65 04/06 (Licenzas)
Telef. 886 20 65 01/02 (Sancións/danos)
Telef. 886 20 65 07/08 (Expropiacións)
Telef. 886 20 65 00 (Centralita)

EXPEDIENTE Nº: **MT205X 2015/000008-4**

5. A persoa física ou xurídica titular do presente título xurídico administrativo será responsable de todos os danos e prexuízos ocasionados a terceiras persoas con motivo da realización da obra, actuación ou instalación autorizada na zona de dominio público da estrada, agás cando o dito dano ou prexuízo teña a súa orixe inmediata e directa nunha orde da Administración.

Igualmente, o titular da presente autorización administrativa será responsable das operacións de conservación e mantemento requiridas pola obra, actuación ou instalación obxecto de autorización e que sexan necesarias para garantir a salubridade, accesibilidade, seguridade dos usuarios e funcionalidade menoscabadas como consecuencia do natural uso destas.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o director da Axencia Galega de Infraestruturas no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da notificación desta autorización.

Mediante este documento notificaselle esta resolución segundo o esixido no artigo 58.1 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE 27/11/1992).

Pontevedra, 5 de novembro de 2015

O enxeñeiro de camiños, canles e portos en funcións facultativas


Alfonso Tenorio Aranguren

O xefe do servizo


Fausto Núñez Vilar



